



Seguridade ocular

Mira o Sol unicamente con lentes de eclipse certificadas (ISO 12312-2) ou filtros solares homologados.

Nunca mires o Sol a través de prismáticos, telescopios ou cámaras sen un filtro solar axeitado acoplado á óptica: a luz concentrada pode danar a vista de forma instantánea e permanente.

Quita as lentes **só durante a totalidade** e volve poñelas en canto reapareza o primeiro destello do Sol.

Aínda que as lentes son seguras para observar o Sol, **facer pausas de cando en vez** pode resultar máis cómodo para descansar a vista.

◆ Parcialidade de entrada

TEMPO ATÉ Á TOTALIDADE →

-1 hora





Primeiro contacto.

Comeza a verse a "dentada" que a Lúa fai no Sol.

A luz aínda é completamente normal.

RECOMENDACIÓNS

Fai unha foto xeral da paisaxe para podela comparar despois.

-50 min





A eclipse xa está en marcha.

A Lúa xa avanza sobre o Sol, pero apenas se nota.

A luz segue sendo case normal.

RECOMENDACIÓNS

Empregando instrumentos axeitados, busca manchas solares.

Fixate na velocidade aparente da Lúa (referenciada polo bordo do Sol).

-40 min





Cada vez é máis visible.

A luz comeza a cambiar.

O Sol xa ten unha dentada ben visible.

RECOMENDACIÓNS

Compara a luz coa dun día normal: notarala algo máis escura.

-30 min





Xa se nota menos luz.

Preto dun terzo do Sol xa está oculto; a luminosidade baixa de forma evidente.

A temperatura comeza a descender sutilmente.

RECOMENDACIÓNS

Fai outra fotografía da paisaxe para a túa secuencia.

-20 min





Xa case un 60 % cuberto!

A eclipse apréciase moi ben.

A luz é moito máis fría, coma apagada.

RECOMENDACIÓNS

Mira a sombra das árbores: a luz entre as follas proxecta miles de pequenos eclipses no chan.

-15 min





O Sol xa é un claro crecente.

É frecuente notar unha lixeira baixada de temperatura e cambios no vento.

Algunhas aves e insectos comezan a cambiar o seu comportamento.

RECOMENDACIÓNS

Observa o comportamento dos animais — paxaros, insectos— e tamén das persoas: comezan a aparecer as emocións.

-10 min





A luz cae moi rápido.

A paisaxe adquire unha luz moi estraña, difícil de explicar despois.

Ves ben, pero é un solpor "raro".

RECOMENDACIÓNS

Mira ao teu redor, non só cara ao Sol: mesmo o lado contrario resulta moi estrño.

-5 min





O Sol é unha fouce moi fina.

A luz parece un solpor envolvendo todo o horizonte.

RECOMENDACIÓNS

Non te centres só no Sol: mira ao teu redor. Estás comezando a vivir unha experiencia INESQUECIBLE.

-3 min





Máis do 90 % eclipsado!

Aparecen os primeiros planetas; Venus é o máis visible.

Estás na escuridade dun solpor, pero o horizonte segue iluminado en todo o contorno.

RECOMENDACIÓNS

Respira, sorrí: agora mesmo estás nun punto privilexiado do mundo.

-2 min





Aparecen as bandas de sombra no chan.

Finas franxas de luz e sombra ondulan polo chan, coma ondas nunha piscina.

As cores vólvense metálicas.

A temperatura descende notablemente.

Os animais quedan en silencio, estrañados.

RECOMENDACIÓNS

Ten preparada unha superficie lisa e clara (unha sabana branca, por exemplo) para velas mellor.

-1 min





Preto do 98 % eclipsado!

A paisaxe perde as súas últimas cores normais e o ambiente cambia por completo.

No horizonte, a diferenza entre a zona iluminada e a que está baixo a sombra da Lúa comeza a facerse evidente.

RECOMENDACIÓNS

Prepárate para deixar de fotografar.

Goza do momento.

-30 seg





Xa case estamos!

A luz cae de forma vertixinosa, segundo a segundo.

Cara ao oeste pode verse a sombra da Lúa achegándose a toda velocidade, coma un muro de escuridade que se che vén enriba.

Se estás nun lugar elevado, xa pode verse a sombra da Lúa cruzando a paisaxe.

RECOMENDACIÓNS

Mira o Sol (coas lentes!).

Mira tamén o horizonte e a paisaxe.

◆ Totalidade

O MOMENTO CULMINANTE →

-15 seg





Perlas de Baily.

Comezan a verse pequenos puntos de luz: os últimos raios do Sol atravesando os vales do relevo lunar.

RECOMENDACIÓNS

Non quítes as lentes aínda, pero prepárate!

-5 seg





Anel de diamante.

Aparece o último feixe de luz antes de que a Lúa cubra o Sol por completo.

RECOMENDACIÓNS

Este é o último instante en que aínda debes levar as lentes.

Totalidade





Totalidade! Segundo contacto.

A Lúa eclipsa o Sol por completo.

Vese a coroa solar: un halo branco arredor do disco.

Poden distinguirse protuberancias avermelladas a simple vista (oxalá haxa moita actividade solar!).

RECOMENDACIÓNS

Quita as lentes! Xa podes facelo con seguridade.

Non mires só ao Sol: observa a paisaxe e esa luz irrepitible.

+30 seg





O brillo varía segundo a dirección.

Vense moi ben os filamentos e penachos do Sol.

O ceo mantén cores moi pouco comúns.

RECOMENDACIÓNS

Percorre lentamente a coroa coa mirada.

Fixate en como cambia o seu brillo e nos longos penachos que se estenden en distintas direccións.

Último minuto





Solpor de 360°.

O horizonte parece un solpor en todas as direccións. O resplandor parece proceder de todos os puntos cardinais á vez!

Vense perfectamente planetas e estrelas.

RECOMENDACIÓNS

Xira sobre ti mesmo: o fermoso agora non é só o Sol.

Abraza a quen queres: estádelo vivindo.

Últimos 30 segundos





Volve mirar o Sol.

Trata de gravar na túa memoria as protuberancias avermelladas e os detalles da coroa. É unha imaxe que non esquecerás.

RECOMENDACIÓNS

Ten as lentes a man: a totalidade está a piques de rematar.

Fin da totalidade





Terceiro contacto.

Aparece outro anel de diamante no punto onde a Lúa deixa de eclipsar o Sol.

OBRIGATORIO

Pon as lentes antes de volver mirar ao Sol e coloca o filtro en calquera cámara que apunte ao Sol.

Tras a totalidade





A eclipse continúa.

A totalidade rematou, pero a eclipse aínda non.

A Lúa seguirá afastándose lentamente do Sol durante preto dunha hora máis. Aproveita para revivir o que acabas de experimentar.

RECOMENDACIÓNS

Comparte impresións, revisa as túas fotografías... e non esquezas seguir usando as lentes sempre que mires ao Sol.

DESPOIS DA TOTALIDADE · Parcialidade de saída

Rir, chorar, lembrar e compartir o vivido.

Agora xa entendes por que quen ve unha eclipse total... sempre quere repetir. Vémonos no 2027?

Se che gustou e queres seguir descubrindo o espazo e fotografando as súas marabillas, **contacta connosco e únete á asociación.** Agardámoste!

Únete a Polarís →